

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

4961 *Real decreto 515/2020, do 12 de maio, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos e funcións de xestión do tránsito aéreo e de navegación aérea e o seu control normativo.*

O Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo, desenvolve a normativa europea sobre requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea, que sufriu diversas modificacións ao longo do tempo.

A última destas modificacións constitúea o vixente Regulamento de execución (UE) n.º 2017/373 da Comisión, do 1 de marzo de 2017, polo que se establecen requisitos comúns para os provedores de servizos de xestión do tránsito aéreo/navegación aérea e outras funcións da rede de xestión do tránsito aéreo e a súa supervisión, polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 482/2008 e os regulamentos de execución (UE) n.º 1034/2011, (UE) n.º 1035/2011 e (UE) n.º 2016/1377, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 677/2011, aplicable, en xeral, a partir do 2 de xaneiro de 2020.

As modificacións introducidas por este regulamento aconsellan unha actualización do marco regulatorio nacional para adaptalo aos novos requisitos exixibles e prever os novos servizos e funcións que deben ser certificados e, deste modo, seguir garantindo a prestación de servizos segura e de alta calidade e o recoñecemento mutuo de certificados en toda a Unión, impulsando a libre circulación e a dispoñibilidade destes servizos de navegación aérea.

Ademais, flexibilízase o marco regulatorio co obxecto de que este sexa compatible cos medios aceptables de cumprimento que adopte a Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea (AESA), entre outros o relativo ao procedemento sobre os cambios suxeitos a aprobación na prestación do servizo, no sistema de xestión ou no sistema de xestión de seguridade, que prevé a obriga de xustificar a recepción da notificación nun prazo máximo de dez días ou a avaliación do cambio nos trinta días hábiles seguintes ao da recepción por parte da autoridade de todas as evidencias necesarias para revisalo.

Esta modificación súmase á xa realizada polo Real decreto 1180/2018, do 21 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e se modifican o Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea; o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público; o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo; e o Regulamento da circulación aérea operativa, aprobado polo Real decreto 601/2016, do 2 de decembro, e o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo. Mediante esta modificación prorrógase a vixencia dos certificados expedidos pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para permitir que os provedores de servizos de navegación aérea se adapten aos novos requisitos exixidos polo Regulamento de execución (UE) n.º 2017/373 da Comisión, sen ter que dedicar os seus esforzos á renovación dos seus certificados, o que ademais de supoñer unha carga desproporcionada podería obstaculizar esa adaptación.

Por razóns de seguridade xurídica, non obstante, derrógase o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, e incorpórase a este real decreto o réxime completo do procedemento de

certificación e control normativo dos provedores de servizos de navegación aérea e outras funcións de xestión do tránsito aéreo.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Responde aos principios de necesidade e eficacia, ao adaptar o procedemento interno ás novas exigencias da normativa da Unión Europea aplicable, e límitase a establecer as regras mínimas para asegurar a máis eficiente implementación da devandita normativa, polo que responde ao principio de proporcionalidade.

O principio de seguridade xurídica queda garantido pola súa coherencia co resto do ordenamento xurídico, sen que se introduzan trámites adicionais aos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo das peculiaridades exixidas para a aplicación do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/373 da Comisión, do 1 de marzo de 2017. O principio de seguridade xurídica vese reforzado pola decisión de substituír integramente o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, o que evita a súa modificación puntual.

Así mesmo, atende ao principio de transparencia dada a ampla participación na súa elaboración e a coincidencia nos obxectivos perseguidos por esta norma que, por outra parte, evita a imposición de cargas innecesarias e garante a racionalización na xestión dos recursos públicos.

Este real decreto dítase no exercicio das competencias estatais exclusivas en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo e servizo meteorolóxico, de conformidade co artigo 149.1.20.ª da Constitución, e con base na habilitación ao Goberno que realizan a disposición derradeira cuarta da Lei 48/1960 do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e a disposición derradeira terceira da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de maio de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver o Regulamento de execución (UE) n.º 2017/373 da Comisión, do 1 de marzo de 2017, polo que se establecen os requisitos comúns para os provedores de servizos de xestión do tránsito aéreo/navegación aérea e outras funcións da rede de xestión do tránsito aéreo e a súa supervisión, polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 482/2008 e os regulamentos de execución (UE) n.º 1034/2011, (UE) n.º 1035/2011 e (UE) n.º 2016/1377, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 677/2011 (en diante, o regulamento), e disposicións concordantes, para establecer o procedemento de expedición, modificación, suspensión, limitación ou revogación do certificado de provedor civil de servizos e funcións de xestión de tránsito aéreo e de navegación aérea (en diante, provedor de servizos), así como regular o control normativo continuado dos provedores incluídos no seu ámbito de aplicación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O procedemento para a expedición, modificación, suspensión, limitación ou revogación do certificado de provedor de servizos establecido neste real decreto é de aplicación aos provedores daqueles servizos e funcións de xestión do tránsito aéreo e de navegación aérea de competencia da Axencia Estatal de Seguridade Aérea que teñan o seu principal domicilio de actividade ou, se procede, o seu domicilio social en territorio

español, así como a aqueloutros cuxa certificación corresponda á Axencia en virtude do previsto na normativa nacional e da Unión Europea de aplicación.

2. O control normativo continuado regulado neste real decreto é de aplicación aos provedores de servizos certificados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, así como a aqueloutros certificados por unha autoridade nacional de supervisión doutro Estado membro da Unión Europea cuxa supervisión corresponda á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme a normativa de aplicación.

Neste último caso, o control realizarase con suxeición ao disposto neste real decreto e, cando corresponda, nos acordos a que se chegue coa autoridade nacional de supervisión responsable da certificación. Estes acordos realizaranse conforme os principios de cooperación e colaboración aplicables no marco europeo e as prácticas do sector.

Artigo 3. *Exclusións.*

Este real decreto non resulta de aplicación aos sistemas de navegación aérea, aos servizos, ás actividades e ás instalacións adscritas á defensa nacional, así como ao seu persoal, que se rexerán, en ambos os dous casos, pola súa normativa específica.

Artigo 4. *Competencia e recursos.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, como autoridade civil nacional de supervisión, é o órgano competente para expedir, modificar, limitar, suspender ou revogar o certificado de provedor de servizos e para o control normativo continuado dos provedores de servizos certificados nos termos previstos neste real decreto.

As actividades de certificación ou de control normativo non previstas no artigo 2 deste real decreto e realizadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea por acordo con outras organizacións de supervisión, estatais ou supranacionais, axustaranse aos principios de cooperación e colaboración aplicables no marco europeo, conforme as prácticas do sector.

2. Corresponde ao director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea a resolución sobre a expedición, modificación, revogación, suspensión ou limitación do certificado de provedor de servizos. O director competente en materia de seguridade da navegación aérea adoptará o resto das resolucións previstas neste real decreto, salvo cando os procedementos ou actuacións sometidos a aprobación excedan o ámbito das súas competencias, caso en que resolverá o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

3. As resolucións do director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea previstas neste real decreto poñen fin á vía administrativa e poderá interpoñerse fronte a elas o recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, conforme o previsto nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou impugnarse directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

As resolucións do director competente en materia de seguridade da navegación aérea previstas neste real decreto non poñen fin á vía administrativa e poden impugnarse en alzada ante o director da axencia no prazo dun mes, conforme o previsto no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 5. *Definicións e clasificación das non conformidades.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por «non conformidade» ou «constatación», calquera deficiencia, irregularidade ou incumprimento detectados en relación cos requisitos regulamentarios de seguridade aplicables e coas normas de aplicación correspondentes.

Ao resto dos conceptos utilizados neste real decreto seranlle de aplicación as definicións contidas no artigo 2 do regulamento.

2. A clasificación por niveis das non conformidades ou constatacións é a recollida no regulamento.

CAPÍTULO II

Procedemento de certificación

Artigo 6. *Réxime aplicable.*

O procedemento para a expedición, modificación, suspensión, limitación ou revogación do certificado de provedor de servizos axustarase ao disposto neste real decreto e, no non previsto nel, ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 7. *Solicitud de expedición do certificado de provedor de servizos ou a súa modificación e documentación.*

1. A solicitude de expedición do certificado de provedor de servizos ou a súa modificación presentarase ante a axencia electronicamente, a través da súa sede electrónica. As persoas físicas poderán presentar a súa solicitude en papel en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Tal solicitude formalizarase no modelo que para tal efecto adopte a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, que deberá estar dispoñible na súa páxina web.

No caso da solicitude de expedición dun certificado limitado ou a súa modificación, esta realizarase de acordo coas condicións establecidas no regulamento que resulten pertinentes tendo en conta a natureza do servizo e presentarase polos medios indicados no parágrafo anterior, formalizada no modelo adoptado para o efecto pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, que estará dispoñible na súa páxina web.

2. Xunto coa solicitude de expedición ou modificación do certificado deberá presentarse a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos polo regulamento, polas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento e pola normativa concordante.

Artigo 8. *Disposicións específicas sobre a solicitude de modificación do alcance do certificado de provedor de servizos.*

1. Calquera provedor de servizos poderá solicitar a ampliación ou restrición do seu certificado respecto do tipo de servizos que pretenda prestar.

Ademais, os provedores certificados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea co certificado limitado previsto no regulamento poderán solicitar unha extensión dese certificado para a obtención dun certificado sen limitacións que lles permita prestar servizos no espazo aéreo baixo responsabilidade doutro Estado do Espazo Económico Europeo.

2. Xunto coa solicitude presentarase, se é o caso, unha memoria explicativa que especifique as adaptacións realizadas para cumprir cos requisitos exixibles para o novo ámbito do certificado e demostre a continuidade no cumprimento dos demais requisitos.

Así mesmo, na documentación que se debe achegar conforme o previsto no artigo 7.2, deberán indicarse expresamente os novos documentos xustificativos que se achegan ou as modificacións realizadas sobre os incorporados ao procedemento de expedición do certificado.

Artigo 9. *Supervisión do cumprimento de requisitos.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no exercicio das súas competencias, poderá levar a cabo cantas actuacións considere precisas para supervisar o cumprimento das condicións exixidas para a expedición ou modificación do certificado de provedor de servizos, de conformidade co previsto no Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

2. As actuacións inspectoras de supervisión levaranse a cabo con cantos interesados soliciten a expedición ou modificación do certificado, e utilizaranse para iso técnicas de mostraxe sobre a documentación, métodos de traballo, procedementos, dependencias ou instalacións que deban ser supervisadas.

3. En relación coa supervisión dos provedores que presten servizos no espazo aéreo doutros Estados membros, recoñeceranse os labores de supervisión realizados polas autoridades nacionais de supervisión competentes neses Estados, conforme os acordos subscritos con elas, que se axustarán ao disposto no artigo 2.2, segundo parágrafo, deste real decreto.

O informe de supervisión emitido pola autoridade nacional de supervisión doutro Estado terá a consideración de ditame técnico de acordo co disposto no artigo 27.1, letra b), do Regulamento de inspección aeronáutica.

Artigo 10. *Resolución do procedemento de expedición do certificado de provedor de servizos e a súa modificación.*

1. Finalizado o proceso de supervisión relativo ao cumprimento dos requisitos exixidos para a expedición ou modificación do certificado e tendo en conta o contido dos correspondentes ditames técnicos emitidos no exercicio de tal función, o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no prazo máximo de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no seu rexistro, ditará e notificará a resolución expresa que proceda, que terá que ser, en todo caso, motivada. Transcorrido o prazo máximo sen notificar a resolución expresa, o interesado poderá entender rexeitada a súa solicitude por silencio negativo, por aplicación da excepción prevista no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Cando a resolución sexa estimatoria, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea expedirá o certificado de provedor de servizos ou, segundo corresponda, a modificación deste que proceda. O certificado e as condicións anexas a este axustaranse ao previsto no anexo II, apéndice I, do regulamento e recollerán as condicións adicionais anexas ao certificado que procedan, conforme o disposto no artigo 7.4 e anexo II do Regulamento (CE) n.º 550/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo.

No caso de expedición dun certificado limitado, este especificará a natureza e o alcance do certificado e as súas limitacións.

3. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea manterá actualizada na súa páxina web a relación de provedores de servizos certificados, así como os servizos aos que alcanza a certificación.

Artigo 11. *Validez do certificado de provedor de servizos.*

1. O certificado de provedor de servizos manterá a súa validez, de conformidade co previsto no regulamento, mentres:

a) O provedor siga cumprindo os requisitos exixidos para a súa obtención, incluídos aqueles que gardan relación coa facilitación e cooperación para os efectos do exercicio das facultades da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e os que gardan relación co tratamento de non conformidades ou constatacións.

b) Non sexa suspendido ou revogado, nin se renuncie a este.

2. O certificado perderá a súa validez se o provedor de servizos deixa de prestar os servizos de navegación aérea para os que fose certificado, de forma ininterrompida durante dous anos, ou non inicia a prestación dos servizos no prazo de dous anos desde a obtención do certificado.

3. En caso de revogación ou renuncia, o certificado devolverase á Axencia Estatal de Seguridade Aérea no prazo máximo de dez días.

4. Sen prexuízo do previsto no punto 1, o certificado poderá ser limitado, suspendido ou revogado cando a Axencia Estatal de Seguridade Aérea emita unha non conformidade ou constatación de nivel 1, de conformidade co previsto no parágrafo ATM/ANS.AR.C.050, letra e), 1), do regulamento e disposicións concordantes.

5. As medidas que se adoptarán en caso de incumprimento encóntranse recollidas no artigo 16.

CAPÍTULO III

Control normativo continuadoArtigo 12. *Control normativo continuado.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea inspeccionará de modo continuado cada provedor incluído no ámbito de aplicación deste real decreto.

As actuacións inspectoras de control normativo rexeranse polo disposto no Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

2. As actuacións inspectoras de control normativo realizaranse consonte técnicas de mostraxe e asegurase que se realizan actuacións de inspección respecto de cada provedor sometido a control normativo, de acordo co disposto no regulamento.

3. Para o control normativo dos provedores que presten servizos no espazo aéreo doutro Estado membro, recoñeceranse as tarefas inspectoras realizadas pola autoridade nacional de supervisión competente nese Estado, conforme os acordos subscritos con aquela, que, en todo caso, se axustarán ao disposto no artigo 2.2, parágrafo segundo.

Neste caso, o informe de inspección emitido pola autoridade nacional de supervisión doutro Estado terá a consideración de acta de inspección de acordo co disposto no artigo 27.1, letra a), do Regulamento de inspección aeronáutica, aprobado polo Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro.

Artigo 13. *Programa de inspección de control normativo.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea establecerá e actualizará anualmente para cada provedor un programa de inspección de control normativo de conformidade co regulamento, no marco dos seus plans de vixilancia continuada da seguridade.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea someterá o Programa de inspección de control normativo á consulta cos provedores de servizos interesados, de conformidade co previsto no regulamento e, posteriormente, notificarállelo aos afectados nun prazo non inferior a un mes antes do seu inicio, salvo que por motivos de urxencia debidamente xustificados se acorde que a notificación se realice nun prazo inferior.

Artigo 14. *Cambios nun sistema funcional.*

1. Para introducir cambios nos seus sistemas funcionais, os provedores de servizos deberán dispoñer dun procedemento de xestión de cambios do sistema funcional, conforme o previsto no regulamento, aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para xestionar, avaliar e, se for necesario, mitigar o impacto dos cambios sobre os seus sistemas funcionais.

O prazo para notificar a resolución expresa sobre a aprobación destes procedementos dos provedores de servizos, así como calquera modificación significativa ou desviación destes, será de tres meses desde que a solicitude tivese entrada no rexistro da axencia.

2. Ademais, de acordo co procedemento previsto no punto 1, o provedor notificará á Axencia Estatal de Seguridade Aérea os cambios que vaia introducir no seu sistema funcional tan axiña como sexa razoablemente posible e, con carácter xeral, polo menos con tres meses de antelación á súa posta en servizo, salvo que o procedemento de xestión de cambios do sistema funcional aprobado pola Axencia prevexa un prazo distinto, tendo en conta a natureza do cambio, caso en que será este prazo o aplicable á notificación.

Cando a Axencia decida revisar o cambio notificado, de conformidade co previsto no punto ATM/ANS.AR.C.035 e disposicións concordantes, resolverá e notificará a resolución sobre a súa aprobación no prazo de tres meses desde a notificación ao provedor de servizos da súa decisión de revisión do cambio.

3. Transcorridos os prazos máximos previstos nos puntos anteriores sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude poderá entenderse rexeitada en virtude do previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 15. *Cambios na prestación do servizo, do sistema de xestión e/ou do sistema de xestión de seguridade do provedor.*

1. Para introducir cambios na prestación do servizo, do sistema de xestión e/ou do sistema de xestión de seguridade, os provedores de servizos deberán dispoñer dun procedemento, aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, que defina o alcance de tales cambios e describa como se xestionarán e se notificarán.

O prazo para notificar a resolución expresa sobre a aprobación destes procedementos dos provedores de servizos, así como de calquera modificación significativa destes, será de tres meses desde que a solicitude tivese entrada no rexistro da axencia.

2. Ademais, de acordo co procedemento a que se refire o punto 1, o provedor notificará á Axencia Estatal de Seguridade Aérea os cambios que pretenda introducir na prestación do servizo, do sistema de xestión e/ou do sistema de xestión de seguridade.

Cando a Axencia reciba a notificación dun cambio suxeito á aprobación de acordo co procedemento previsto no punto 1, aplicará o disposto no punto ATM/ANS.AR.C.025, letra b), do regulamento, de conformidade co previsto nos medios aceptables de cumprimento adoptados pola Axencia Europea para a Seguridade Aérea (AESA).

O prazo máximo para notificar a resolución expresa sobre a aprobación do cambio será de tres meses desde que este lle fose notificado, salvo que, por aplicación do establecido nos medios aceptables de cumprimento adoptados pola Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea (AESA) de conformidade co regulamento, se deba notificar nun prazo inferior, caso en que este será o aplicable.

3. Transcorridos os prazos máximos previstos neste artigo sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude poderá entenderse rexeitada en virtude do previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 16. *Medidas en caso de incumprimento.*

1. De conformidade co previsto no regulamento, en caso de que os provedores de servizos incumplan os requisitos exixidos pola normativa de aplicación ou as condicións incorporadas ao certificado, que dean lugar a unha non conformidade ou constatación, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea comunicará o incumprimento ao provedor por escrito, con independencia de que este se detectase durante o control normativo continuado ou por calquera outro medio.

2. No caso de non conformidades ou constatacións, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea adoptará as medidas previstas no regulamento. No caso das non conformidades ou constatacións que requiran un plan de medidas correctoras, o prazo máximo de que dispoñerá o provedor de servizos para a súa proposta será dun mes desde a notificación da non conformidade ou constatación.

3. Ademais, o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá adoptar as medidas extraordinarias previstas no artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, cando se constaten situacións que afecten de forma certa, grave e inmediata a seguridade aérea.

Artigo 17. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do previsto neste real decreto poderá dar lugar á exixencia de responsabilidades administrativas de conformidade co disposto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Disposición adicional primeira. *Medios persoais e materiais.*

As medidas incorporadas neste real decreto non supoñen incremento das asignacións orzamentarias, nin de dotacións ou retribucións ou outros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Inicio da prestación de servizos de tránsito aéreo polo provedor designado e cambio de provedor designado para a prestación deses servizos.*

1. A emisión do informe favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para a efectiva prestación de servizos por parte do provedor de servizos de tránsito aéreo designado, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 9/2010, do 14 de abril, polo que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís deses servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, estará condicionada ao cumprimento dos requisitos técnicos e operativos establecidos na resolución de designación e á aplicación do plan de transición, baixo a supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. O novo provedor de servizos de tránsito aéreo designado deberá establecer un plan de transición que inclúa criterios medibles tanto para monitorizar a súa evolución como para dar por finalizada a fase de transición e iniciar a prestación ordinaria do servizo. Entre estes criterios, definidos polo provedor designado, deberán incluírse os asociados á formación do persoal, a eliminación de medidas de afluencia, en caso de que fose necesario regular o volume de tráfico durante a fase de transición, ou a redución total do número de incidencias técnicas ou operativas asociadas á fase de posta en operación.

3. O plan de transición deberá realizarse conforme as directrices que estableza a Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

4. No suposto de cambio de provedor designado e ata a prestación efectiva de servizos de tránsito aéreo por parte do novo provedor designado, o provedor que vai ser substituído é o responsable da prestación segura, eficaz, continuada e sustentable económica e financeiramente deses servizos conforme o previsto na Lei 9/2010, do 14 de abril, así como do cumprimento do resto das disposicións que resulten de aplicación.

Ademais, o provedor de servizos de tránsito aéreo que vai ser substituído será responsable de:

a) acordar co novo provedor de servizos o plan de transición que cubra os requisitos necesarios para que este poida preparar a prestación efectiva do servizo, en particular, a formación do seu persoal e a instalación ou retirada de equipamentos, se iso for necesario;

b) acordar e permitirlle ao novo provedor o acceso ás instalacións para a realización das tarefas identificadas no plan de transición, co obxecto de cumprir os requisitos nel contidos;

c) acordar e permitir a colaboración do seu persoal co novo provedor;

d) proporcionarlle ao novo provedor información detallada sobre as instalacións e os equipamentos que se vaian transferir e

e) proporcionarlle ao novo provedor a documentación que puiden afectar a seguridade das operacións tras a substitución na prestación do servizo; considerarase relevante para estes efectos, polo menos, a documentación de mantemento, os manuais relativos aos equipamentos que se transfiran e a documentación asociada ás incidencias sobre seguridade acontecidas nos últimos seis meses de operación.

Disposición adicional terceira. *Cambio de provedor para a prestación de servizos e funcións non suxeito á designación.*

No suposto de cambio de provedor de servizos ou funcións non suxeito á designación e ata a prestación efectiva do servizo ou función por parte do novo provedor, o provedor que vai ser substituído é o responsable da prestación segura, eficaz e continuada deses servizos, para o cal deberá, polo menos:

a) acordar co novo provedor un plan de transición, elaborado por este, que cubra os requisitos necesarios para que este poida preparar a efectiva prestación do servizo/función, en particular, a formación do seu persoal e a instalación ou retirada de equipamentos, se iso for necesario;

b) acordar e permitirle ao novo provedor o acceso ás instalacións para a realización das tarefas identificadas no plan de transición co obxecto de cumprir os requisitos identificados nel;

c) acordar e permitir a colaboración do seu persoal co novo provedor;

d) proporcionarlle ao novo provedor información detallada sobre as instalacións e equipamentos que se vaian transferir e

e) proporcionarlle ao novo provedor a documentación que puiden afectar a seguridade do servizo tras a substitución na prestación deste; considerárase relevante para estes efectos, polo menos, a documentación de mantemento, os manuais relativos aos equipamentos que se transfiran e a documentación asociada ás incidencias sobre seguridade acontecidas nos últimos seis meses de operación.

Disposición adicional cuarta. *Modificación da resolución de designación do provedor ou do espazo aéreo asociado ao aeródromo.*

No caso de que un provedor designado para a prestación de servizos de tránsito aéreo de aeródromo identifícase a necesidade de introducir modificacións nos requisitos técnicos e operativos da resolución de designación ou no volume de espazo aéreo asociado ao aeródromo, poñerá en coñecemento do xestor aeroportuario, quen solicitará a modificación ante a Dirección Xeral de Aviación Civil, segundo corresponda, para a súa tramitación ou remisión á Comisión Interministerial entre Defensa e Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Cidetma).

A Dirección Xeral de Aviación Civil, logo de informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, así como, se é o caso, da entidade pública empresarial Enaire, cando a solicitude afecte as atribucións desta entidade, ditará e notificará a resolución expresa que proceda sobre a modificación da resolución de designación no prazo de seis meses desde a presentación da solicitude. Igualmente, no prazo de seis meses desde a presentación da solicitude, a Comisión Interministerial entre Defensa e Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Cidetma) ditará e notificará a resolución expresa que proceda sobre o volume de espazo aéreo asociado ao aeródromo.

Transcorrido o prazo máximo previsto no parágrafo anterior sen que se notificase a resolución expresa, a solicitude formulada poderá entenderse denegada en virtude da excepción recollida no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Disposición transitoria única. *Prórroga dos certificados vixentes.*

Os certificados expedidos conforme o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, vixentes na entrada en vigor deste real decreto, incluídos aqueles cuxa vixencia fose prorrogada, seguirán en vigor en canto se manteña o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa expedición, ata que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea os substitúa polo certificado previsto no anexo II, apéndice I do regulamento, cando corresponda, como máis tarde o 1 de xaneiro de 2021. A partir desta última data perderán a súa vixencia todos os certificados que non fosen expedidos conforme o previsto no regulamento.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Derrógase o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que, en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Habílitase o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no ámbito das súas competencias, adoptará cantas medidas se consideren necesarias para a aplicación e execución deste real decreto; entre outras, adoptará os modelos para efectuar as solicitudes e comunicacións recollidas neste real decreto.

A documentación a que se refire o parágrafo anterior deberá estar dispoñible a través da páxina web da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Disposición derradeira cuarta. *Aplicación do dereito da Unión Europea.*

Este real decreto dítase en desenvolvemento e aplicación do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/373 da Comisión, do 1 de marzo de 2017, polo que se establecen requisitos comúns para os provedores de servizos de xestión do tránsito aéreo/ navegación aérea e outras funcións da rede de xestión do tránsito aéreo e a súa supervisión, polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 482/2008 e os regulamentos de execución (UE) n.º 1034/2011, (UE) n.º 1035/2011 e (UE) 2016/1377, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 677/2011.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 12 de maio de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO